

XUNTA DE PERSOAL DOCENTE
DE CENTROS PÚBLICOS
NON UNIVERSITARIOS

A CORUÑA

A Permanente da Xunta de Persoal Docente de Centros Públicos non Universitarios da provincia da Coruña, reúnese en sesión extraordinaria e urxente no día de hoxe para tratar o ocorrido no CEIP "Luís Seoane" de Mera a semana pasada, en concreto a actuación do Sr. Xefe Territorial da Consellaría de Cultura, Educación e Universidade da provincia da Coruña.

Admitindo que a señora directora puido cometeu un erro por non ter informada á Xefatura Territorial nun primeiro momento, xa que a súa prioridade foi atender o alumno e a súa familia, non podemos tolerar a resposta de Indalecio Cabana de enviar a inspectora, Berta Estrada, para coaccionar a directora esixíndolle a súa dimisión. Nunha actuación acorde á dereito debería abrirse a oportuna investigación dos feitos acontecidos polas canles regulamentarias.

Afirmacións públicas como "perda de confianza" referidas á directora do centro para tratar de xustificar una esixencia de dimisión son improcedentes. Correspondería, en todo caso, iniciar o procedemento correspondente segundo establece a normativa vixente.

É de salientar tamén a impropia actuación da señora Berta Estrada, quen, como funcionaria do corpo de inspectores con ampla experiencia, debería ser coñecedora de que a súa actuación non se axustaba a ningún procedemento.

Por último, o que si merece a máis absoluta das reprobacións é o feito de que a día de hoxe nin a inspectora do centro, nin o Xefe Territorial tivesen a humanidade de contactar coa familia para interesarse polo estado emocional do alumno. Ate o de agora o único que fixeron foi tomar represalias contra o equipo directivo do centro por unha suposta falta, cesando ao mesmo nun momento de tanto estrés no sistema educativo.

Todos estes comportamentos autoritarios merecen a reprobación da Xunta de Persoal Docente non Universitario, representada regulamentariamente por esta Permanente, a cal

ACORDA DIRIXIRSE AO SEÑOR CONSELLEIRO E:

1.- Esixir que se abra a corresponde investigación sobre a actuación da señora inspectora Berta Estrada Arias no referido ás presuntas coaccións sobre a directora do CEIP "Luís Seoane" de Mera, esixíndolle a súa dimisión motivada polo lamentable erro da empresa de transporte escolar ao esquecer un alumno de educación infantil no autobús durante toda a mañá do día 29 de setembro.


2.- Esixir o cese inmediato do Sr. Indalecio Cabana Leira como xefe territorial da Consellaría de Cultura, Educación e Universidade na provincia da Coruña, pola súa actuación neste caso no momento actual tan complicado que esixe responsábeis políticos con templanza.

3.- Restituir nos seus postos ao equipo directivo cesado do CEIP "Luís Seoane"


E para que conste, asíñase a presente na Coruña a 6 de outubro de 2020

A Secretaria

O Presidente



**Xunta de Persoal
Docente de Centros Públicos
non Universitarios
A CORUÑA**



Asdo: Divina Núñez López

Asdo: Alfonso Varela Vidal

SR. CONSELLEIRO DA CONSELLARÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE.
SANTIAGO DE COMPOSTELA.